



LETRAS GALEGAS 2017


**PROGRAMACIÓN
DE ACTIVIDADES**

XUNTA DE GALICIA





2 0 1 7



Carlos
Casares

A Real Academia Galega promove desde 1963 a celebración do Día das Letras Galegas, dedicado cada ano a unha figura destacada polo seu labor a prol da lingua e da literatura galegas.

A Real Academia Galega acordou que a celebración de 2017 estea dedicada a Carlos Casares. Membro numerario desta institución ata o seu pasamento en 2002, Casares foi un dos autores de referencia da narrativa galega do século XX, cun compromiso con gran público lector, tanto a través das súas obras como das súas colaboracións na prensa. Esta faceta de escritor compaxinoua primeiro co seu labor como docente e despois cunha dimensión pública como xestor e dinamizador de proxectos de gran relevancia para a cultura galega, como a editorial Galaxia, da que foi director, o Consello da Cultura Galega, que presidiu entre os anos 1996 e 2002, ou o Centro PEN Galicia, ademais da propia Real Academia Galega. Casares tamén xogou un papel importante na difusión exterior da nosa literatura, grazas á súa participación permanente en espazos de encontro internacional de escritores.

Para difundir e poñer en valor o seu legado, e co fin de reforzar o valor social do noso idioma nos diferentes ámbitos, a Xunta de Galicia a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Real Academia Galega, a Fundación Carlos Casares, o Consello da Cultura Galega, o Centro PEN Galicia, a Editorial Galaxia, a Televisión de Galicia, a Deputación de Ourense, e os concellos de Ourense e de Xinzo de Limia, suman os seus esforzos nunha programación conxunta de iniciativas diversas en todo o territorio, coas que se abordarán as diferentes facetas de Carlos Casares. Para facer, un ano máis, das Letras Galegas unha celebración de todos.

EXPOSICIÓN: PARA COÑECER A CARLOS CASARES

Casares na Biblioteca de Galicia

A Biblioteca de Galicia custodia a biblioteca e o arquivo persoal de Carlos Casares, con preto de 6.000 volumes, entre os que se inclúen primeiras edicións e coleccións completas de destacados autores da literatura galega, ademais de manuscritos, cartas, fotografías etc. Unha selección destes fondos poderase ver nesta exposición conmemorativa das Letras Galegas.

***O Principiño* ao redor do mundo. A colección de Carlos Casares**

A Fundación Carlos Casares programa ao longo do ano esta mostra itinerante que presenta máis de 100 exemplares de distintas edicións *d'O Principiño*, de Saint-Exupéry, en máis de 60 linguas, xunto con outras pezas que dan boa conta do afán de coleccionista de Casares. Especialmente dirixida ao público infantil e xuvenil, a mostra conta co apoio da Xunta de Galicia.

Itinerancia programada: CEIP Carlos Casares de Alxén (Salvaterra de Miño), do 12 ao 31 de xaneiro; CEIP Carlos Casares de Vilariño (Nigrán), do 1 ao 25 de febreiro; CEIP Porto Cabeiro (Redondela), do 1 ao 10 de marzo; Concello de Cerceda, do 13 ao 31 de marzo; IES Salvador de Madariaga (A Coruña), do 1 ao 18 de abril; Concello de Vilagarcía de Arousa, do 18 ao 30 de abril; CEIP Antonio Carpintero de Arbo e Concello de Xinzo de Limia, do 1 de xullo ao 31 de agosto.

Carlos Casares e a fotografía

A mirada de Casares a través de 70 instantáneas tomadas por el ao longo da súa vida e de retratos do ámbito familiar e dos amigos centra esta exposición itinerante promovida pola Fundación Carlos Casares co apoio da Consellería de Cultura e Educación, que se completa cunha selección de máquinas fotográficas da colección particular do escritor, xunto con libros, catálogos e revistas curiosas relativas á súa afección por esta arte. As fotografías acompañanse de breves textos xornalísticos e literarios do autor.

Itinerancia programada: de marzo a decembro. Concello de Xinzo de Limia, do 15 de febreiro ao 15 de marzo; Centro Galego de Castellón, do 1 ao 31 de maio.

As caras dos libros. O deseño de portadas na obra de Carlos Casares

Máis dun cento de portadas dos libros publicados de Carlos Casares nos diferentes xéneros e edicións conforman esta mostra itinerante da Fundación Carlos Casares e da Asociación Rochaforte, coa colaboración da Xunta de Galicia, que se completa con información sobre os deseñadores, maquetadores, ilustradores e fotógrafos. Para dar conta da importancia da relación entre a obra literaria e a súa presentación gráfica.

Exposición programada: Xinzo de Limia.

Os mundos de Carlos Casares

Exposición central sobre a figura, a obra e o tempo de Carlos Casares, que xorde da reelaboración e ampliación da exposición homónima orixinal de 2003. A Fundación Carlos Casares, co apoio da Xunta de Galicia, da Deputación de Ourense e do Concello de Xinzo de Limia, dálle agora unha nova forma ao lume da catalogación do arquivo persoal de Carlos Casares, realizada de 2010 a 2012, e da investigación realizada desde entón. Contidos audiovisuais, paneis textuais explicativos, obxectos cotiáns, documentos, pezas históricas e fotografías convidan a percorrer as diferentes épocas do escritor.

Itinerancia programada: de abril a decembro, nos concellos de Ourense e de Xinzo de Limia.

INICIATIVAS DE PARTICIPACIÓN SOCIAL

Roteiros Carlos Casares

Diversos roteiros literarios percorrerán a xeografía vital e literaria de Casares nos principais concellos vinculados co escritor, con paradas en diferentes escenarios emblemáticos da súa traxectoria. En Ourense, o roteiro complétase cunha charla divulgativa para alumnado de primaria.

Roteiros programados: Ourense, Nigrán, Vigo e Xinzo de Limia.

Carreira Camiño das Letras

A Consellería de Cultura e Educación, a través das secretarías xerais de Cultura e de Política Lingüística, colabora un ano máis coa Carreira Camiño das Letras, unha proba organizada para o mes de maio por Xurdir, que une a conmemoración do Día das Letras Galegas e o simbolismo do Camiño de Santiago coa práctica do deporte.

Novos concursos literarios

O Concello de Xinzo de Limia convocará o **I Premio de Xornalismo para artigos de opinión en galego**. Ademais, promoverá o **II Concurso Literario Xuvenil de Relato Curto Carlos Casares**, e un concurso de **deseño de portadas para *Vento ferido***.

Lecturas públicas e recitais

Lecturas nas rúas de Ourense. Coincidindo co Día das Letras Galegas, o Concello de Ourense convida a cidadanía a participar nunha lectura pública de textos de Casares, no marco dunha xornada que incluírá música e un obradoiro infantil.

17 de maio, Ourense.

Lecturas de microrrelatos para Casares. Tamén no mes das Letras, alumnado de primaria e de secundaria de Ourense participará nun recital literario público promovido polo Concello, no que lerán microrrelatos escritos para a ocasión.

15 - 19 de maio, Ourense.

Lecturas públicas de *Vento Ferido*. O Concello de Xinzo de Limia programa lecturas públicas de *Vento ferido* para conmemorar o 50º aniversario da súa publicación.

Homenaxes

Homenaxe do Concello de Ourense. Casares recibirá a homenaxe da súa cidade natal nunha iniciativa organizada polo Concello de Ourense que dará comezo na casa consistorial e que continuará na praza Bispo Cesáreo, coa descuberta pública dunha placa realizada polo escultor Xosé Cid.

18 de maio, Ourense.

IX Festa da Palabra na Insua dos Poetas. Xornada de homenaxe a Carlos Casares da Fundación Insua dos Poetas. Presentación do cartafol Carlos Casares na Insua dos Poetas e inauguración do grupo escultórico *Vento ferido* da autoría do artista Manuel Buciños.

22 de xullo, Insua dos Poetas, O Carballiño.

Libros para celebrar as Letras

Para conmemorar o 17 de maio, as persoas que visiten nese día a Biblioteca de Galicia recibirán un libro en galego de agasallo.

17 de maio, Biblioteca de Galicia. Cidade da Cultura.

Actividades para todos nas bibliotecas públicas

As bibliotecas públicas galegas programan, ao longo do mes de maio, mostras e actividades para contribuír á celebración das Letras Galegas e animar á lectura dos textos de Carlos Casares. Algunhas propostas nas bibliotecas:

Obradoiros infantís en Ourense. O Concello Ourense promove unha programación de obradoiros para nenos e nenas, nos que traballarán cos contos *Cal é a miña cor?* e *Un polbo xigante*, e crearán marcapáxinas que levarán como lembranza.

15 - 19 de maio, bibliotecas de Ourense.

Obradoiro A galiña azul na Biblioteca de Galicia. Impartido pola Asociación Fins, este obradoiro diríxese a nenos e nenas, para descubrir unha das obras máis populares de literatura infantil e xuvenil de Carlos Casares.

27 de maio, Biblioteca de Galicia. Cidade da Cultura.

CASARES NA REDE

Casares en www.academia.gal

A páxina web da Real Academia Galega ten activado desde comezos de 2017 un espazo biográfico dedicado a Carlos Casares, con información sobre a traxectoria vital e literaria do escritor. Ademais, na sección *Actualidade* íranse publicando reportaxes, entrevistas e artigos arredor da vida e da obra de Casares.

www.academia.gal

Casares na biblioteca dixital de Galicia

Para favorecer o acceso universal a documentos dixitalizados relacionados con Carlos Casares e coa súa obra, Galiciana, a biblioteca dixital de Galicia, creará un micrositio específico dedicado ao escritor.

biblioteca.galiciana.gal

A web do escritor

Ao longo do ano, a web da Fundación Carlos Casares incorporará novos contidos sobre a vida e a obra do escritor, que tamén se divulgarán a través das redes sociais.

fundacioncarloscasares.org

As Letras no patrimonio documental

Os arquivos de Galicia custodian patrimonio documental de diversas épocas que fai referencia ás Letras Galegas e aos seus protagonistas. Para dalo a coñecer, o Arquivo de Galicia realizará unha selección destes documentos que publicará en formato electrónico.

arquivosdeg Galicia.xunta.gal

Casares a un clic na web da CRTVG

A Corporación Radio e Televisión de Galicia activará na súa web unha canle temática onde ofrecerá todos os seus vídeos e contidos relacionados con Casares e coas Letras Galegas. Ademais, o arquivo en liña da TVG incorporará un monográfico das Letras Galegas con fins didácticos, educativos e culturais, que se poderá compartir noutras webs.

crtvg.gal/crtvg/canles-tematicas/letras-galegas-2017
pasouoquepasou.gal

PROGRAMACIÓN DIVULGATIVA

Faladoiros arredor de Casares

Ao longo do ano, diversos municipios acollerán os faladoiros e debates sobre a figura do escritor organizados pola Fundación Carlos Casares. As voces de familiares e amigos, para afondar no coñecemento da súa vida e do seu universo creativo.

Itinerancia programada: Vigo, Xinzo de Limia, O Carballiño, O Porriño, Vilagarcía de Arousa, CEIP Humberto Juanes de Nigrán e Seminario Menor da Asunción de Santiago de Compostela, entre outros.

Ciclo de conferencias

Co fin de contribuír coa difusión social da figura e da obra de Casares entre a cidadanía en xeral e, nomeadamente, entre o alumnado de educación secundaria, a Editorial Galaxia promove diversas charlas en Galicia impartidas polo académico da RAG e profesor Henrique Monteagudo, e polo escritor Antón Riveiro Coello.

Datas programadas: do 1 de marzo ao 30 de maio.

Casares na RG e na TVG

A CRTVG desenvolverá unha programación especial para reforzar a difusión social da figura de Casares, que fará fincapé na cobertura dos actos do 17 de maio. A Radio Galega emitirá microespazos con textos do escritor, xunto con faladoiros e entrevistas arredor do autor en diferentes programas. Tamén se estreará na Televisión de Galicia diversas obras audiovisuais e emitiranse documentais e programas especiais.

PROGRAMACIÓN ACADÉMICA

Xunta extraordinaria e pública da RAG

Coincidindo co propio Día das Letras Galegas, a Real Academia Galega realizará unha sesión plenaria extraordinaria e pública dedicada ao autor homenaxeado.

17 de maio.

Simposio Carlos Casares

A Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega e a Fundación Carlos Casares, co apoio da Xunta de Galicia, desenvolverán, como peche de 2017, un ciclo de conferencias e de relatorios sobre a vida e a obra do escritor, no que especialistas e investigadores abordarán a súa traxectoria vital, literaria e de xestión política e cultural, así como o seu papel na proxección exterior da cultura galega.

16 e 17 de novembro, sede do Consello da Cultura Galega; 21, 22 e 23 de novembro, sede da RAG; e Ourense.

Xornadas Carlos Casares e a proxección exterior da literatura galega

O Centro PEN Galicia, que presidiu Carlos Casares entre os anos 1990 e 1997, organiza dúas xornadas para lembrar a traxectoria do escritor e o seu labor para a promoción da nosa literatura no exterior.

21 de abril en Santiago de Compostela e 25 de maio en Ourense.

EDICIÓNS CONMEMORATIVAS

Cadernos Ramón Piñeiro

Na colección Cadernos Ramón Piñeiro, promovida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, verá a luz o volume *Homenaxe a Carlos Casares. De amicitia*, unha publicación colectiva que contará coa colaboración de destacados intelectuais da lingua e da cultura galegas.

Colección Letras Galegas do CCG

As laranxas máis laranxas de todas a laranxas sumará este ano unha edición especial, editada na colección dedicada ás Letras Galegas do Consello da Cultura Galega.

A voz de Casares

O Consello da Cultura Galega tamén promove a edición dun CD-audio con diversas intervencións de Carlos Casares.

Xinzo de Limia nas columnas de Casares

O Concello de Xinzo de Limia prepara unha edición dos artigos da sección *Á marxe*, de *La Voz de Galicia*, con referencias a esta localidade ourensá.

CASARES A TRAVÉS DOUTRAS ARTES

Os mortos daquel verán, en escena

O Centro Dramático Galego, en coprodución con Talía Teatro e coa Fundación Carlos Casares, amosará o potencial escénico da novela *Os mortos daquel verán*, nunha lectura dramatizada baixo a dirección de Artur Trillo.

Funcións programadas: 16, 17 e 18 de maio, Salón Teatro. Santiago de Compostela.

Teatro a partir de contos

A galiña azul. Versión dramatizada da compañía Tanxarina Títeres desta obra de Casares.

Función programada: Xinzo de Limia.

Contos para cativos. Espectáculo de Galeatro Compañía Teatro con contos de *Toribio*, *A galiña azul* e *O can Rin e o lobo Crispín*, de Carlos Casares.

Función programada: Xinzo de Limia.

Programación de concertos

Concerto das Letras. O Consello da Cultura Galega, en colaboración co Concello de Ourense, co Consorcio de Santiago e co Consorcio para a Promoción da Música, promove un ano máis o Concerto das Letras. A **Real Filharmonía de Galicia** e o **Coro Xove da Orquestra Sinfónica**, baixo a dirección de Maximino Zumalave, intepretarán diferentes obras sobre textos de autores galegos ou de temática galega. No marco do concerto estrearase a obra *Formiga*, de Rubén Vizcaino, a partir dun texto do libro *A galiña azul*.

16 e 19 de maio, auditorios de Ourense e de Santiago de Compostela.

Música para as palabras de Carlos Casares. O grupo **Xardín Desordenado**, co apoio da Fundación Casares, ofrecerá concertos en homenaxe ao escritor nos que lles poñerá música a algúns dos seus relatos e poemas.

Recital-musical cos novos intérpretes. Coa colaboración da Fundación Carlos Casares, a **Orquestra Clásica de Vigo**, integrada por músicos en formación baixo a dirección de Manuel Martínez, tamén fusionará música e literatura, a través da interpretación dun repertorio de corte clásico con aires galegos e da lectura de fragmentos da obra literaria de Casares.

Cantata e fuga para Carlos Casares. Concerto-recital a cargo de **Emilio Rúa** e **Carlos Caneiro** sobre textos de Casares.

Función programada: Xinzo de Limia.

Letras Galegas na Cidade da Cultura de Galicia. Un ano máis, a Cidade da Cultura presenta unha proposta para gozar do día no Gaiás, en Santiago de Compostela, cunha sesión familiar centrada na obra de nomes sobranceiros da literatuga galega, nomeadamente de Carlos Casares, coa actuación musical do grupo Gelria e o seu traballo *Cantos de poetas*.

7 de maio, ás 12:30 h, Cidade da Cultura.

Música tradicional no Castro de Viladonga. Os sons tradicionais serán protagonistas para festexar as Letras Galegas no Museo do Castro de Viladonga co concerto do grupo **Os Minhotos**. Os cinco músicos galegos que o integran combinan no seu repertorio a estética da música tradicional coas harmonizacións clásicas, mesturando o son das gaitas e da percusión co timbre da zanfona, co acordeón, coa requinta e co clarinete.

17 de maio, Museo do Castro de Viladonga.

IV Festival Arte pola Igualdade

Espectáculo de música, interpretación e baile para lembrar a vida e a obra de Carlos Casares e mostrar a creatividade e o talento de persoas con diversas capacidades procedentes do Centro de Educación Especial María Mariño da Coruña e o do Conservatorio de Música Profesional da Coruña. Promovido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Maio, Teatro Colón da Coruña.

LETRAS PARA O AUDIOVISUAL

XIV Curso de medios audiovisuais de Celanova

A nova edición deste curso de extensión universitaria organizado pola Fundación Carlos Casares, coa colaboración da Agadic, da Universidade de Vigo, do Concello de Celanova e da Deputación de Ourense, incidirá este ano na relación de Casares co audiovisual. Dirixido por Miguel Anxo Fernández e impartido por máis de 20 especialistas en comunicación audiovisual.

4 - 7 de xullo, Auditorio Municipal Ilduara de Celanova.

Documental sobre a traxectoria literaria de Carlos Casares

A Fundación Carlos Casares, co apoio da Xunta de Galicia, promove a realización dun documental sobre diferentes aspectos da vida e da obra de Casares, desde os máis persoais e familiares ata os sociais e políticos, con especial fincapé na valoración da súa produción literaria.

PROGRAMACIÓN DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

A galiña azul

O programa de dinamización lingüística FalaRedes, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, incorpora en 2017 unha proposta escénica para fomentar o lecer en galego dos máis pequenos, cun espectáculo teatral para o público familiar baseado no libro *A galiña azul*, de Carlos Casares. A función, baixo a dirección da Editorial Galaxia, percorrerá o territorio galego ao longo do ano.

Datas programadas: a partir do mes de febreiro, en 21 concellos da Rede de Dinamización Lingüística.

O tren que me leva

Programa de rutas en tren impulsado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística en colaboración con Renfe para achegarlle o galego á mocidade e dar a coñecer a figura de Casares. Está dirixido a alumnado de 5º e 6º de primaria e de educación secundaria de centros de titularidade autonómica.

PROYECCIÓN EXTERIOR DA OBRA DE CASARES

Ilustrísima, en inglés

A Secretaría Xeral de Cultura promove a primeira edición en inglés da obra *Ilustrísima*, de Carlos Casares. Trátase dunha coedición da Xunta de Galicia co selo Small Stations Press que verá a luz na colección Galician Classics.

Homenaxe do Instituto Cervantes

A Consellería de Cultura e Educación e o Instituto Cervantes, en colaboración coa Fundación Carlos Casares, promoven un acto de homenaxe en Madrid para contribuír á difusión do escritor e das letras galegas fóra de Galicia.

Centros de Estudos Galegos

Os Centros de Estudos Galegos da Secretaría Xeral de Política Lingüística desenvolverán en universidades de todo o mundo, durante o mes de maio, diversas actividades vinculadas á lingua e á cultura galegas e, particularmente, a Carlos Casares.

ACTIVIDADES PARA O ÁMBITO EDUCATIVO

Recursos didácticos

A través do espazo web Primavera das Letras, a Real Academia Galega pon ao dispor dos centros de ensino de infantil e de primaria propostas didácticas arredor das Letras Galegas, con actividades para lle achegar ao alumnado, de xeito sinxelo e ameno, o universo literario que creou Casares e a súa traxectoria vital.

www.academia.gal/primaveradasletras

Concurso-Exposición Letras Galegas 2017

A Secretaría Xeral de Política Lingüística convoca un concurso dirixido aos centros de ensino non universitario para a realización dunha exposición de carteis divulgativos do autor homenaxeado polas Letras Galegas. As propostas gañadoras, para primaria e secundaria, acompañadas das correspondentes unidades didácticas, serán editadas e distribuídas en máis de 2.000 puntos de Galicia e do exterior, entre centros educativos, bibliotecas e casas da cultura, centros galegos da emigración etc.

Campañas de dinamización da lectura nas aulas

A galiña azul. Galaxia organiza esta campaña de animación á lectura centrada neste título de Carlos Casares. Cada neno e nena participante recibirá un exemplar do libro para o traballo na aula, que se completará posteriormente coa asistencia á representación da adaptación teatral feita por Ubú Teatro (para público familiar con nenos e nenas menores de 12 anos).


Toribio. Campaña de animación á lectura, organizada pola Editorial Galaxia, centrada na saga de relatos de Carlos Casares do mesmo nome. Os nenos e nenas participantes lerán os contos das aventuras de Toribio na aula e asistirán, posteriormente, a unha sesión de contacontos de Maica Álvarez, con música, ritmo e xogo, na que o protagonista segue sendo o personaxe infantil creado por Casares. Para nenos e nenas de 1º a 4º de educación primaria.

Consellería de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria
Secretaría Xeral de Cultura
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Axencia Galega das Industrias Culturais
Fundación Cidade da Cultura de Galicia
Real Academia Galega
Consello da Cultura Galega
Fundación Carlos Casares
Corporación Radio Televisión de Galicia
Centro PEN Galicia
Editorial Galaxia
Deputación Provincial de Ourense
Concello de Ourense
Concello de Xinzo de Limia

Información aos medios

Gabinete de comunicación

Consellería de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria
prensa.cultura.educacion@xunta.gal
Tlef. 981 957 350 | 981 544 490



LETRAS GALEGAS 2017

